

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016127	IES Plurilingüe Aquis Celenis	Caldas de Reis	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	26
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua galega e literatura na Educación Secundaria Obrigatoria orientase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na Educación Primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente máis autónomo.

Esta programación está pensada para o 3º curso de ESO para un centro de ensino semi-urbano, o Aquis Celenis de Caldas de Reis. Isto é relevante para a materia de Lingua galega e literatura, pois recibe o seu alumnado maioritariamente de dous centros de ensino de primaria: un situado no medio rural, con alumnado procedente de familias galego-falantes, aínda que xa forma parte dunha xeración moi castelanizada, e, por outra banda, un centro concertado situado na vila, inxerido nun medio completamente desgaleguizado e cunha adquisición da competencia lingüística en galego bastante deficiente, sobre todo no tocante á competencia oral.

Segundo isto, no desenvolvemento das unidades didácticas hai unha clara intención de potenciar as competencias orais, atendendo ademais á interacción escrita, así como un necesario achegamento á realidade sociolingüística. A isto hai que engadir, o coñecemento do patrimonio literario desde unha perspectiva lúdica, como expresión artística e como fonte de pracer.

Tendo en conta o perfil do alumnado, individuos do século XXI, a aprendizaxe da lectura partirá dunha perspectiva ampla, tanto no referente á tipoloxía textual, como ao formato e á canle; polo que a alfabetización mediática e informacional estará moi presente.

Finalmente, a transversalidade e a aprendizaxe competencial serán os eixos que definan esta programación.

En relación con isto, nesta proposta didáctica, os 4 bloques de contido definidos no currículo: "A lingua e os seus falantes", "Comunicación", "Educación Literaria" e "Reflexión sobre a lingua" terán presenza ao longo do curso nas 9 unidades didácticas programadas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1	<p>Na unidade 1 principiamos o curso coa avaliación inicial (que inclúe unha proba escrita e unha presentación oral titulada O meu metro cadrado). A continuación analizamos a lingua oral como un fenómeno cultural universal para chegar á lingua escrita como principal sistema substitutivo.</p> <p>Traballaremos a tipoloxía textual e centraremos na narración e descrición.</p> <p>Iniciaremos deseguido o estudo do desenvolvemento histórico social de galego e portugués, que servirá de alicerce para tratar a lingua da Idade Media.</p> <p>Remataremos a unidade cunha panorámica da literatura medieval e o seu contexto histórico.</p>	6	20	X		
2	Unidade 2	<p>Unidade para o traballo da lectura trimestral que escollerán de entre unha lista aberta. Realizarán un traballo (individual, en parellas ou en grupos de 3) que posteriormente poremos en común. Poden escoller dentre un total de 30 opcións.</p>	18	5	X		
3	Unidade 3	<p>Tras o contexto histórico da literatura medieval, centrámonos na lírica profana e mergullámonos nas composicións amorosas (Cantigas de amigo e de amor).</p> <p>Traballamos a confección de textos que analicen as creacións medievais.</p> <p>Aproveitaremos a conmemoración do 25N e o tratamento do amor na poesía medieval para analizar os tópicos do amor romántico e canta toxicidade existe neles.</p> <p>Continuamos co tratamento da cantiga de escarnio. Así, damos por pechado o ciclo profano e podemos inaugurar xa o relixioso.</p>	6	15	X		
4	Unidade 4	<p>Comezamos o segundo trimestre achegándonos ao desenvolvemento social e cultural dos séculos escuros, isto permitiranos tratar os conceptos de prexuízos lingüísticos e estereotipos e analizar a valoración social das linguas.</p> <p>Realizaremos unha posta en común en que reflexionaremos sobre a situación do galego na nosa contorna. Traballaremos tamén contidos relacionados coa semántica.</p>	6	15		X	
5	Unidade 5	<p>Unidade para o traballo da lectura trimestral que escollerán de entre unha</p>	18	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Unidade 5	lista aberta. Deben realizar un booktrailer.	18	5		X	
6	Unidade 6	<p>Adentrándonos xa no Rexurdimento, presentaremos a figura de Eduardo Pondal. Estudaremos a súa obra e abordaremos algúns dos seus poemas dende unha perspectiva de xénero para confrontar a realidade social da época e o noso contexto actual. Ao mesmo tempo aproveitaremos para traballar as tipoloxías textuais de esquema, resumo e mapa conceptual.</p> <p>.Nesta unidade presentamos a figura de Rosalía de Castro. Salientaremos a transcendencia literaria e social da autora na nosa cultura e traballaremos a súa obra dende unha visión feminista e comprometida, que foi sen dúbida, a súa propia.</p>	6	15		X	
7	Unidade 7	A unidade 7 céntrase no mundo dos medios de comunicación e na publicidade. Trátase de que o alumnado se enfrente de forma consciente á textualidade multimodal dos medios de comunicación, saiba descodificala e identificar a calidade e fiabilidade da información que nos ofrecen sendo quen de localizar o sentido e a intencionalidade así como a presenza de posibles manipulacións. Tamén é importante que ademais recoñecer as características da información recibida, o noso alumnado sexa quen de realizar unha reflexión coherente sobre esta cuestión na procura dunha cidadanía consciente e crítica. Dedicaremos a segunda parte da unidade á publicidade como o exemplo de textualidade multimodal máis presente tanto nos medios de comunicación tradicionais como nas redes sociais. Para isto cada alumna ou alumno deberá analizar tres anuncios da súa escolla (un institucional, un destinado á mocidade e un con usos discriminatorios) nunha exposición.	9	10			X
8	Unidade 8	Dedicaremos a unidade ao traballo coa obra de lectura no que buscaremos que o alumnado ademais de realizar unha lectura atenta sexa quen de analizar criticamente aquilo que le. O poemario Penúltimas tendencias, servirá como punto de inflexión para tratar cuestións que nos preocupan especialmente: autonomía fronte aos canons culturais e estéticos establecidos, liberación da muller, amor e respecto, intelixencia emocional, prevención dos	22	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Unidade 8	malos tratos e cuestionamento da sociedade de consumo, entre outros. Alén da lectura, dedicaremos a unidade á elaboración dun proxecto monográfico sobre a lusofonía. Trataranse contidos relacionados cos países de lingua portuguesa e nocións lingüísticas básicas. O desenvolvemento deste proxecto incluírá, ademais, a abordaxe das secuencias textuais expositivas, co fin de preparar o alumnado para que elabore unha exposición sobre algún dos aspectos máis salientables. Tentaremos complementalo coa visita a unha vila portuguesa.	22	15			X
9	Unidade 9	A derradeira unidade é a da discrepancia. É por iso que resulta fundamental aprender a discrepar ou queixarse de maneira empática e construtiva. Para discrepar, denunciar e reivindicar no marco da literatura ninguén mellor que Curros Enríquez, o gran ollo crítico do noso Rexudimento. Achegarémonos a el a través das súas composicións máis coñecidas para logo ver tamén outros exemplos da literatura de reivindicación cívica en galego que el iniciou.	9	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo sabe explicar as características que diferencian a lingua oral e a lingua escrita valéndose de exemplificacións propias.	PE	67

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, realiza buscas avanzadas no dicionario da lingua dunha maneira correcta para responder a necesidades lingüísticas concretas.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, é quen de realizar unha exposición oral en rexistro culto, con fluidez, coherencia e cohesión, con uso correcto dos elementos non verbais e con contido apropiado e de interese.	TI	33

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio)

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral sobre o libro de lectura con certa fluidez, coherencia e cohesión		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de xeito adecuado (e en lingua galega) mantendo unha actitude positiva, de escoita activa e empregando a cortesía		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Tanto no cartafol dixital como no caderno, realiza as revisións pertinentes de textos e actividades		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Participa de xeito adecuado (e en lingua galega) desterrando usos discriminatorios da palabra e empregando adecuadamente os elementos non verbais da comunicación		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Participa de xeito adecuado (e en lingua galega) empregando a palabra para procurar consensos	TI	100
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza tras a lectura íntegra dunha obra literaria previamente acordada e fai unha análise apropiada da obra.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado é quen de expresar a súa opinión razoada sobre a obra de lectura proposta		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural nunha exposición oral.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, pon en relación a obra lida coa literatura da época e coa evolución do xénero dunha maneira satisfactoria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado é quen de crear un texto oral para continuar a obra de lectura proposta centrándose nalgún dos personaxes da trama.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, crea un texto con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e

Contidos

- de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
3	Unidade 3	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza nunha cantiga medieval a finalidade, a temática, as personaxes e o xénero de maneira satisfactoria.	PE	100
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado, como mínimo, crea comentarios literarios con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, localiza e explica a funcionalidade dos recursos formais nunha cantiga medieval.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxuncións). - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 4	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	O alumnado valora a riqueza cultural e coñece a existencia doutros idiomas na península como é o catalán.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado, como mínimo, identifica e cuestiona prexuízos propios dos Séculos Escuros e adopta unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, xustifica a presenza dos Séculos Escuros na nosa historia cultural e comprende e analiza un texto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do

UD	Título da UD	Duración
5	Unidade 5	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza o booktrailer da lectura escollida con coherencia, cohesión e rexistro adecuado.	TI	100
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de xeito adecuado (e en lingua galega) mantendo unha actitude positiva, de escoita activa e empregando a cortesía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Tanto no cartafol dixital como no caderno, realiza as revisións pertinentes de textos e actividades		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Participa de xeito adecuado (e en lingua galega) desterrando usos discriminatorios da palabra empregando adecuadamente os elementos non verbais da comunicación		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza tras a lectura íntegra dunha obra literaria previamente acordada e fai unha análise apropiada.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado selecciona unha obra de lectura entre as propostas xustificando a súa escolle en función dos seus gustos		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou á súa forma..		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, revisa os seus textos tanto lingüística como literariamente de maneira que neles non se poidan detectar erros debidos á falta da revisión apropiada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.

Contidos

- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	Unidade 6	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado analiza o texto proposto inferindo a información básica necesaria	PE	100
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza un texto rosaliano e valora criticamente o seu contido.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza un texto rosaliano aplicando un modelo de comentario previamente traballado na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
7	Unidade 7	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora criticamente o sentido e intencionalidade de mensaxes dos medios de comunicación dadas referidas a unha mesma noticia.	PE	100
CA2.6 - localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, como mínimo, localiza posibles manipulacións en contidos procedentes dos medios de comunicación.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, como mínimo, realiza por escrito unha reflexión coherente sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión de información.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, analiza un texto do Rexurdimento e valora criticamente o seu contido		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado como mínimo comprende e analiza textos do Rexurdimento aplicando un modelo de comentario previamente traballado na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.

UD	Título da UD	Duración
8	Unidade 8	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado, como mínimo, sabe explicar a historia da nosa lingua, a parte diferencial da historia da lingua portuguesa, identifica en textos as diferenzas entre ambas linguas e coñece léxico básico portugués.	TI	100
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado elabora un traballo de investigación sobre a lusofonía incorporando información de diferentes fontes		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o sentido global e a información máis relevante da conversa literaria sobre a obra de lectura proposta		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha exposición oral con coherencia, fluidez e cohesión sobre o traballo de investigación proposto		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa nunha conversa literaria sobre o poemario Penúltimas tendencias		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planifica mediante un guión, o seu traballo de investigación		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Tanto no cartafol dixital como no caderno, realiza as revisión pertinentes de textos e actividades		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Participa de xeito adecuado (e en lingua galega) desterrando usos discriminatorios da palabra e empregando adecuadamente os elementos non verbais		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, realiza, tras a lectura íntegra da obra literaria indicada, unha análise apropiada do volume seguindo as indicacións proporcionadas polo profesorado da materia.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en canto á súa temática e/ou a súa forma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade

Contidos

- e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscrites en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do

UD	Título da UD	Duración
9	Unidade 9	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumnado é quen de empregar con corrección ortográfica e gramatical léxico tradicional e algunha construción propia da lingua galega	PE	100
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado será quen de analizar o funcionamento da lingua transformando enunciados propostos e analizando diferentes clases de palabras		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das pala-bras, compoñentes das oracións ou conxio) - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Non se trata de realizar actividades encamiñadas a conseguir uns contidos formais que dificilmente teñen relación co uso real da lingua, senón de dotar o alumnado de ferramentas lingüísticas para desenvolverse no mundo real.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias. Segundo a Teoría de Intelixencias Múltiples de Gardner existen diferentes estilos de aprendizaxe, por conseguinte, tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

É preciso partir dos coñecementos previos do alumnado para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se imparten, para conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos.

Unha das cuestións a ter en conta de xeito especial é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada

polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego. Por outra parte, somos moi conscientes de que a propia actitude do profesorado inflúe na motivación e rendemento do alumnado, pois como sinalou Jurjo Torres Santomé na súa teoría sobre o currículo oculto, en moitos aspectos, os valores transmitidos informalmente dende as aulas poden ter efectos moito máis determinantes e poderosos cós contidos curriculares explícitos. Ademais, a promoción dun modelo lingüístico afastado da catelanización e da deturpación e a erradicación de prexuízos lingüísticos que son, en boa medida, as pexas para a aprendizaxe e uso da lingua e dos usos diglósicos.

A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL) que se reflectirá na inferencia da aprendizaxe dunhas linguas ás outras, nos acordos terminolóxicos e na concienciación da riqueza dos coñecemento e integración dunha realidade plurilingüe.

A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada e na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten as dificultades. Xunto a isto, o uso de distintos métodos que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo, así como a realización de proxectos significativos e o aproveitamento de recursos e metodoloxías de traballo cooperativo e interdisciplinar.

O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

A escolla de obras e fragmentos de textos literarios ou non literarios atenderán a valores éticos e socioculturais que promovan a defensa dos dereitos humanos e a concienciación ambiental.

O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Beltrán Carballeira, Ramón X. (2019). Manual práctico de galego. Baía Edicións.
Callón Torres, Carlos Manuel (2022) O libro negro da lingua galega . Edicións Xerais de Galicia.
Castro, Rosalía de (2019) Escritos feministas. Fundación Rosalía de Castro.
Cunha, Celsa & Cintra, Lindley (2017). (7ª Ed.). Nova gramática do portugués contemporáneo de acordo com a nova ortografía. Lexikon Editora Digital.
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2015). Escrita doada: consellos para redactar ben. Edicións Xerais de Galicia.
Dosil, Benxamín (2021). Manual de uso da lingua galega. Edicións Xerais de Galicia.
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Edicións Xerais de Galicia.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Galaxia.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (1998-2003). Gramática da Lingua Galega (Volumes I-II-III e IV,) A Nosa Terra.
Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013). Estilística da Lingua Galega. Edicións Xerais de Galicia.
Gómez Sánchez, Anxo e Queixas Zas, Mercedes (2001) Historia xeral da literatura galega. A Nosa Terra.
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Edicións Xerais de Galicia.
López Viñas, Xoán; Lourenço Mória, Cilha & Moreda Leirado, Marisa (2011). (2ª Ed. Corrixida). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. Baía Edicións.
Méndez Álvarez, Mª Xesús (2004). Ortografía da Lingua Galega. Edicións Xerais de Galicia.
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Novo Folgueira, Paulino (1999). Dicionario de uso para a comunicación. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2002) Historia da literatura medieval galego-portuguesa. Sotelo Blanco.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2013) Historia da literatura galega I. Das orixes a 1853. Edicións Xerais de Galicia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2014) Historia da literatura galega II. De 1853 a 1916. O Rexurdimento. Edicións Xerais de Galicia.
Queixas Zas, Mercedes (2016) De pergamiños, follas voandeiras e libros ao .gal. Breve historia da literatura galega. Edicións Xerais de Galicia.
Regueira, Xosé Luís (2010). Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rosales Cereijo, Manuel (2002). A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Edicións Xerais de Galicia.
Torres Santomé, Jurjo (1995). O Curriculum oculto. Porto Editora
Vilagrasa Grandia, Albert (2018). A punt 1. Publicacions de l'Abadia de Montserrat. Bastons Vilallonga, Núria, Bernardó Fernández, Cristina, Comajoan Colomé, Llorenç (2011). Gramàtica Pràctica del catalá. Teide
WEBS
Aulas Galegas.Galego (https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/)
Casa de Rosalía. Fundación Rosalía de Castro (https://rosalia.gal/)
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (22 de agosto de 2022). Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa. (http://bernal.cirp.gal/ords/f?p=MEDDB3:2)
Dicionario castelán-galego. Rinoceronte Editora (https://rinoceronte.gal/dicionario/)
Dicionario de pronuncia da lingua galega (http://ilg.usc.es/pronuncia/)
Dicionario da Real Academia Galega (http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do)
Dicionario visual interactivo (www.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/dicionario.html)
Fundación Curros Enríquez (http://www.currosenriquez.es/)
Historia da Literatura Galega. AS-PG (http://literaturagalega.as-pg.gal/)
Lopes, Graça Videira; Ferreira, Manuel Pedro et al. (2011-), Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de datos online]. Lisboa: Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA. (http://cantigas.fcs.unl.pt).
Rosalía de Castro - A Casa de Rosalía de Castro. Lista de Spotify que recolle versións musicadas da obra de Rosalía de Castro (https://open.spotify.com/playlist/2SJGaDUGMjdcBouKLBSjiw?si=da61844b3ee1403b)

Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia (<http://www.realacademiagallega.org/recursos-volg>)

A aula virtual e os materiais ofrecidos en EDIXGAL serán a referencia diaria no traballo, pero ademais, as bibliotecas de aula e a biblioteca do centro serán referencia para os libros de lectura e os textos sobre os que se realicen os traballos de investigación. Xunto á Biblioteca, a radio escolar, os grupos de dinamización lingüística e o club de lectura son o impulso, os recursos ou os medios de canalizar moitas das actividades que teñen como finalidade a potenciación da escritura, da oralidade, da busca e tratamento da información e do desfrute lúdico a través da creación literaria.

Se se precisa algún outro material complementario adaptado ao alumnado con necesidades específicas, será solicitado á Consellería a través dos informes correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras semanas do curso. Será, xunto coa información fornecida polo Departamento de Orientación e da titora do grupo unha ferramenta esencial para coñecer o nivel académico do alumnado e das súas posibles dificultades ou destrezas. Constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial serán o referente para adoptar medidas de reforzo e de atención á diversidade.

Para a obtención de datos, realizarase nas primeiras semanas unha serie de actividades destinadas a medir a competencia comunicativa nas súas catro destrezas: expresión oral (a través de xogos de presentación), comprensión oral (comprensión de textos orais dixitais e non dixitais) expresión e comprensión escrita (calidade da expresión escrita e comprensión de textos escritos) e, finalmente competencia lectora.

Na ESO, o resultado desta avaliación é o punto de partida que determina a metodoloxía máis adecuada ademais de decidir as medidas de atención á diversidade oportunas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	18	6	6	18	6	9	22	9	100
Proba escrita	67	0	100	100	0	100	100	0	100	40
Táboa de indicadores	33	100	0	0	100	0	0	100	0	60

Criterios de cualificación:

O resultado da aplicación dos instrumentos de avaliación expresarase, en cada un dos trimestres e ao rematar o curso, mediante unha escala de cualificación (de un a dez) e que estará de acordo cos seguintes criterios de cualificación:

Ningunha das observacións que integran o proceso de avaliación terá carácter exclusivo, nin se avaliará a ningún alumno/a por medio dunha observación única.

En todas as probas e traballos valorarase a expresión, tanto oral coma escrita, e reservarase unha parte da nota -que o alumnado coñecerá previamente- para valorar estes aspectos: adecuación (presentación correcta, rexistro apropiado e propósito claro), coherencia (achega da información precisa, estrutura clara e parágrafos ben estruturados), cohesión (uso axeitado da puntuación, uso axeitado das conxuncións e enlaces, pronomes anafóricos ben empregados), corrección gramatical (ortográfica, sintáctica e léxica) e variación (complexidade sintáctica, riqueza e precisión do léxico e recursos estilísticos).

As correccións que realice o profesor/a sobre as tarefas, exercicios e traballos dos alumnos/as serán coñecidas por estes sempre que sexa posible; para isto a profesora mostrará os exercicios unha vez corrixidos. Esta norma considérase de obrigado cumprimento no caso das probas obxectivas.

O alumno/a coñece sempre de antemán os contidos, os instrumentos e a valoración de cada instrumento. En caso de avaliarse con rúbricas, este tamén terá coñecemento delas.

En cada trimestre o/a alumno/a será avaliado/ a da lectura, análise e interpretación dunha obra literaria a través dos instrumentos que considere o/a profesor/a e computará na nota final segundo os criterios que se avalíen nese momento.

As probas escritas terán un valor un peso dun 40%, o 60% restante avaliarase a través de táboas de indicadores.

Cando un alumno/a obteña, tras a ponderación de tódalas observacións realizadas no trimestre, unha cualificación igual ou superior a 4,5 considerarase aprobado, e se a nota é inferior a 4,5 considerarase suspenso.

A avaliación do proceso de aprendizaxe será continuo, a través dos diferentes instrumentos de avaliación durante os 3 trimestres; agora ben, o resultado de achar a media ponderada (30%-30%- 40%) dos tres constituirá a cualificación final do curso. Considérase superada a materia cando este resultado sexa igual ou superior a 4,5 nunha escala de 1 a 10.

O alumnado quen non acadase a avaliación positiva terá a posibilidade de recuperación de cada avaliación nas primeiras sesións da seguinte. Será suficiente con acadar unha media de 4,5 entre as tres avaliacións para superar a materia. A avaliación final será o resultado das cualificacións obtidas polo alumnado en cada avaliación ao longo do curso e, no seu caso, das cualificacións obtidas nas partes recuperadas.

Criterios de recuperación:

O alumnado suspenso realizará un plan de reforzo individualizado que lle permita superar a materia e acadar as competencias clave. Este plan atenderá as necesidades de cada alumno/a segundo os contidos da materia que non fosen superados:

Por unha banda, haberá contidos que sexan avaliados cos mesmos instrumentos, mentres que outros, pola natureza dos mesmos - oralidade espontánea na aula,- , conservarán a nota inicial.

Para os contidos que si poden ser recuperados, existirá unha proba específica á volta de cada un dos períodos de vacacións do curso.

A nota final será o resultado da media ponderada das cualificacións obtidas polo alumnado en cada avaliación ao longo do curso e, no seu caso, das cualificacións obtidas nas partes recuperadas. Considérase superada a materia cando este resultado sexa igual ou superior a 4,5 nunha escala de 1 a 10.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non contamos con alumnado coa materia pendente neste nivel.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade,

calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Débase ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.

Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS)

No caso dos RE, se for necesaria a súa aplicación, elaborárase, un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (o motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE. O reforzo educativo estará enmarcado dentro do programa PROA+.

En caso de existir alumnado diagnosticado de TDAH, aplicaremos o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario.

Entre as pautas e as estratexias que deben estar presentes no contorno da aula aplicaranse as seguintes actuacións:

O alumnado con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes. Estará sentado cerca da mesa do

profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como estímulos sonoros ou visuais.

Implementaranse outras medidas como:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, explicárase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurárase de que a entendeu todo o alumnado.
- Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Propor exercicios variados.
- Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas; o que á súa vez contribuirá a potenciar a súa zona de desenvolvemento próximo, segundo a teoría de Vygotsky.
- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas etc.)

En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte:

- Reducir e fragmentar as actividades.
- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren máis importantes.

En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:

- Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.
- Traballar con mostras de formato de exames. Serve de gran axuda para todos poder adestrarse con exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado.
- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou utilizando o computador).
- Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, inclusive dividilos en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na medida do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.

-Posibilitar que o alumnado poida recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.

-Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

-Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

En caso de existir alumnado cunha ACS, que terá que ser autorizada pola inspección educativa, o procedemento para a súa elaboración (Orde do 8 de setembro de 2021), será o seguinte:

a) Realización da avaliación psicopedagóxica e posterior elaboración do informe psicopedagóxico por parte da xefatura do Departamento de Orientación en que conste o seu nivel de competencia curricular. Ese nivel de competencia será o punto de partida para o axuste do currículo. Os referentes para determinar o currículo adaptado serán a competencia curricular e a zona de desenvolvemento próximo da alumna ou do alumno, determinadas, ambas, no informe psicopedagóxico.

b) Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á cal deben asistir o equipo docente do alumno e a xefatura do Departamento de Orientación. Nesta reunión analizaranse os resultados da avaliación psicopedagóxica e decidirse a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo e a materia para adaptar. A xefa ou o xefe do Departamento de Orientación redactará e custodiará a acta desta reunión.

c) Elaboración da proposta de adaptación da materia por parte do profesorado que a imparte e no modelo que o centro teña establecido no seu Plan xeral de atención á diversidade. Igualmente, ese profesorado será o responsable do desenvolvemento e da avaliación da adaptación curricular, en colaboración, se for o caso, co profesorado de apoio ao alumnado con NEAE. En todo ese proceso o profesorado contará co asesoramento da xefatura do Departamento de Orientación.

A xefatura do Departamento de Orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no anexo II da citada Orde, e xuntaráselle copia da acta da reunión en que se decidiu realizar a adaptación curricular. A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao servizo territorial de Inspección Educativa, a quen lle compete a autorización. Con carácter xeral, a solicitude da dirección do centro docente farase antes da finalización do mes de novembro, excepto no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización. Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo servizo territorial de Inspección Educativa.

O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.

A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas será realizada polo profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. As cualificacións expresaranse nos mesmos termos que os establecidos na normativa xeral que regula a avaliación na ESO. Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na dita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ou titulación.

A información sobre as avaliacións que se lles facilite ás familias reflectirá as cualificacións obtidas, segundo os criterios de avaliación que constan nas correspondentes adaptacións curriculares. Nesta información contemplarase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno.

O profesorado titor será o responsable, coa colaboración do equipo docente e da xefatura do Departamento de Orientación, de elaborar e trasladar esa información.

A duración das adaptacións propostas será dun curso.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito, logo de remitir a solicitude correspondente, a que o centro lles facilite unha copia da adaptación curricular autorizada.

Ás ACS adaptaráselles os contidos e os criterios de avaliación. No primeiro caso, reduciranse os contidos aos establecidos nos mínimos de consecución e nos criterios de avaliación serán avaliados tendo en conta a redución das porcentaxes indicadas nos criterios de avaliación da PD e na non aplicación de todos eles.

En caso de contar con algún alumno ou alumna con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, absentismo, atención temperá seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - a comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - a comunicación audiovisual			X			X		
ET.4 - a competencia dixital			X			X		
ET.5 - o emprendemento social e empresarial							X	
ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico	X		X		X	X	X	X
ET.7 - a educación emocional e en valores			X			X		
ET.8 - a igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - a creatividade		X	X		X	X	X	

	UD 9
ET.1 - a comprensión lectora	X
ET.2 - a expresión oral e escrita	X
ET.3 - a comunicación audiovisual	X
ET.4 - a competencia dixital	X
ET.5 - o emprendemento social e empresarial	

	UD 9
ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - a educación emocional e en valores	
ET.8 - a igualdade de xénero	X
ET.9 - a creatividade	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 3º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Contacto coa lusofonía	Visita a algunha localidade portuguesa para traballar cuestións relacionadas coa lusofonía vinculado, se é posible, co proxecto Terra		X	X
Casa-museo Rosalía de Castro	Saída á vila de Padrón para visitar o lugar e a casa museo Rosalía de Castro		X	

Observacións:

Na medida do posible, procurarase realizar saídas ou actividades multidisciplinares con outros departamentos e traballarase co Equipo de Dinamización da Lingua Galega nas actividades que se propoñan e que incluso se deseñen conxuntamente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
8. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
9. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
10. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
11. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
12. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
13. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
14. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
15. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
16. Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
17. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
18. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
19. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
20. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensinoaprendizaxe das fillas ou fillos.
21. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
22. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase coa profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

Estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica.

Os ditos indicadores de logro valoraranse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados deben ser inseridos dentro da memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poderanse utilizar os cuestionarios que lle foron proporcionados ao alumnado ao remate do curso.

Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un instrumento flexible que debe ser actualizada no mesmo momento en que se detecten deficiencias. A detección das deficiencias susceptibles de cambio realízase a través dos indicadores de logro, que non só miden aspectos relacionados coa programación de aula, senón tamén os relacionados coa planificación recollida nesta programación didáctica. Unha vez feita a recollida de datos o departamento reunirase para valoralos, e decidirá en que medida pode haber deficiencias e en que medida afectan á programación; así pois, en caso de considerarse necesario, procederase á modificación da programación didáctica, sempre que esta sexa aprobada pola maioría dos membros do departamento.

Ademais deste mecanismo, é evidente que é a inspección educativa a que debe valorar e avaliar a idoneidade da programación didáctica, e neste sentido serán de incorporación inmediata aqueles cambios que veñan propostos por Inspección

9. Outros apartados